

A estranheira nostalxia da "diplomacia das queimadas"

DescriciÃ³n

Cuba vive momentos de cambio. Para uns, insuficientes e lentos; para outros, prudentes e acertados. O caso é que no primeiro semestre de 2013 contÃ¡base medio millÃ³n de *contrapropistas*. O crecemento do sector privado foi do 8,8 por cento. En 2010 non pasaban de 150.000. Entre 2011 e 2015, o Plan contempla a reduciÃ³n de 1,5 millÃ³ns de empregos pÃºblicos que deberÃ¡ absorber o puxante sector privado.

Cuba vive momentos de cambio. Para uns, insuficientes e lentos; para outros, prudentes e acertados. O caso é que no primeiro semestre de 2013 contÃ¡base medio millÃ³n de *contrapropistas*. O crecemento do sector privado foi do 8,8 por cento. En 2010 non pasaban de 150.000. Entre 2011 e 2015, o Plan contempla a reduciÃ³n de 1,5 millÃ³ns de empregos pÃºblicos que deberÃ¡ absorber o puxante sector privado.

Noutra orde, as autoridades cubanas promoven iniciativas de captaciÃ³n de investimento estranxeiro, orientadas especialmente Ã zona especial de desenvolvemento de Mariel, a primeira da illa, con vantaxes de diverso tipo que entrarÃ¡n en vigor en novembro prÃ³ximo. Mariel, a 50 km da Habana, debe converterse no centro rexional de loxística de mercadorías. Dos 900 millÃ³ns de dÃ³lares investidos nesta operaciÃ³n, 640 foron achegados por Brasil, país que xunto con China poderÃ¡n activar a súa presenza na illa con clara vocaciÃ³n hemisférica en atenciÃ³n Ã¡s oportunidades econÃ³micas pero tamén a resultas da sintonía política que profesan. Nun país destas dimensiÃ³ns, xeográficas e demográficas, o impacto pode ser relevante sÃ³ no espazo dun lustro.

Boa parte desas expectativas quedan reflectidas na feira comercial que se celebra na Habana esta semana, a maior do Caribe e unha das principais de toda AmÃ©rica Latina, que desta vez baterÃ¡ amplamente anteriores marcas de participaciÃ³n.

Os citados non deberan ser datos menores para un país como o noso, que conta na illa con outros activos importantes, tanto afectivos como humanos que ben aproveitados cunha estratexia, poderían situarnos en boas condiciÃ³ns na rampa de lanzamento do desenvolvemento cubano.

O Presidente FeijÃ³o visitará Cuba en decembro prÃ³ximo con motivo da reordenaciÃ³n das 38 sociedades comarcais galegas presentes na illa que deixou encamiñada en setembro Ãºltimo RodrÃ­guez Miranda, o secretario de emigraciÃ³n. Non se trata de reproducir agora a "diplomacia das queimadas" do ex presidente Fraga, por outra banda a anos luz da miopía popular actual por mais que se vista de excelencia, pero si de pulsar ao mÃ¡ximo nivel os ecos dos liÃ±amentos aprobados en abril de 2011 polo PCC e identificar oportunidades para o noso sector produtivo reciprocamente beneficiosas.

Velaí neste caso cubano a crúa obsolescencia e inutilidade dunha acciÃ³n exterior timorata que pretenda centrarse na economía ou na cultura (?), pasando de largo da política. Pola contra, é a política, a fin de contas a expresiÃ³n concentrada da economía, a chave que tantas veces pode abrirnos as outras portas. AcompaÃ±ar o cambio cubano, ben informados, nun momento en que precisa dar un impulso a sectores da economía nos que Galicia estÃ¡ ben posicionada, desde o agroalimentario aos servizos, poñamos por caso, e tirando proveito dos apoios internacionais con que conta este proceso e dos nosos recursos internos en Cuba, incluíndo o capital relacional, serÃ¡ unha mostra, simplemente, de sensatez.

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

ÃÃ³n estranxeira da Galiza

ETIQUETAS

Paradiplomacia Cuba Galicia PCC apertura

IDIOMA

Galego

Data de creación

Novembro 3, 2013

Metacampos

Autoria : 3717

Data publicación : 2013-11-07 00:00:00